

# CS Sistemas electrotécnicos e automatizados

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Desenvolver proxectos e en xestionar e supervisar a montaxe e o mantemento de instalacións electrotécnicas no ámbito do regulamento electrotécnico para baixa tensión (REBT). Tamén consiste en supervisar o mantemento de instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións, a partir da documentación técnica, especificacións, normativa e procedementos establecidos, asegurando o funcionamento, a calidade, a seguridade, e a conservación ambiental.

En que ámbitos se traballa? Este profesional exerce a súa actividade en empresas, maioritariamente privadas, dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, á xestión e á supervisión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas no ámbito de edificios e con fins especiais, á instalación de sistemas domóticos e inmóticos, a infraestruturas de telecomunicación en edificios, a redes eléctricas de baixa e a sistemas automatizados, tanto por conta propia como por conta allea.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a en proxectos electrotécnicos; proxectista electrotécnico/a; proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para vivendas e edificios; proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para locais especiais; proxectista de instalacións de iluminación exterior; proxectista de liñas eléctricas de distribución de enerxía eléctrica en media tensión e centros de transformación; proxectista en instalacións de antenas e de telefonía para vivendas e edificios; coordinador/ora técnico/a de instalacións electrotécnicas de baixa tensión para os edificios; técnico/a de supervisión, verificación e control de equipamentos e instalacións electrotécnicas e automatizadas; técnico/a supervisor/ora de instalacións de iluminación exterior; capataz de obras en instalacións electrotécnicas; xefe/a de equipo de instalación de baixa tensión para edificios; coordinador técnico de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior; técnico/a en supervisión, verificación e control de equipamentos en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; capataz de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; encargado/a de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; xefe/a de equipo de instalación en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; xestor/ora do mantemento de instalacións eléctricas de distribución e iluminación exterior.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas	
1º	MP0527	Formación e orientación laboral	107	Galego
1º	MP0517	Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións	187	Castelán
1º	MP0520	Sistemas e circuítos eléctricos	213	Castelán
1º	MP0521	<b>Técnicas e procesos en instalacións domóticas e automáticas</b>	213	Galego
1º	MP0518	<b>Técnicas e procesos en instalacións eléctricas</b>	240	Galego
2º	MP0523	<b>Configuración de instalacións domóticas e automáticas</b>	140	Galego
2º	MP0524	<b>Configuración de instalacións eléctricas</b>	140	Galego
2º	MP0522	<b>Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación</b>	122	Castelán
2º	MP0519	<b>Documentación técnica en instalacións eléctricas</b>	105	Galego Castelán
2º	MP0528	Empresa e iniciativa emprendedora	53	
2º	MP0529	Formación en centros de traballo	384	Galego
2º	MP0526	Proxecto de sistemas electrotécnicos e automatizados	26	Castelán
2º	MP0602	<b>Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas</b>	70	Castelán

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.